

PALABRAS CON MEMORIA

Neste curso participamos na actividade “**Palabras con memoria**” promovida pola **AELG** (Asociación de Escritores en Lingua Galega). Esta actividade consistía na **recompilación de palabras** que caeran **en desuso** nas novas xeracións e nin sequera recollían os dicionarios máis amplos da nosa lingua.

Pedimos a colaboración das familias para que nos achegaran palabras pouco comúns empregadas pola xente maior da contorna, palabras que case non se empregaban porque as persoas que as usaban tiñan a certeza de que non serían entendidas polos máis novo/as. **A nosa intención** consistía en que a comunidade educativa fixara a atención nestas palabras para entre todos **conseguir que se recuperaran e renaceran**. E pensamos que en boa parte cumprimos o obxectivo fixado.

Moitas grazas a tod@s pola súa colaboración ao remitirnos os numerosos vocábulos recibidos.

Velaquí vai a **listaxe de palabras recompiladas por orde alfabética**.

Proximamente enviaremos esta recompilación á **AELG** onde seguidamente procederán a investigar se son palabras ou significados que hai que rescatar do esquecemento ou se xa están rexistradas nalgún dicionario, para despois subilas á web no formato axeitado.

PALABRAS CON MEMORIA AELG - CEIP GREGORIO SANZ (RIBADEO) - CURSO 2019-2020

Palabra	Definición (Significado)	Exemplo de uso (Opcional)	Lugar de recollida	Fonte (Persoa que a usa)
Aba	1.Parte dianteira do vestido do mandil 2.Ladeira do monte			
Acanear, atanegar	Mover	Acaneou unha árbore	Augaxosa-Riotorto (Lugo) , Vilela-Ribadeo (Lugo)	Parentes, bisavós
Acedas	Malas herbas que estragan as colleitas	O campo está cheo de acedas.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Acochar	Taparse con roupa			Bisavoa
Adeitar	Valerte de alguén ou de algo	Ben adeitache de Xoan para rematala cea.	Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Agarimada	Lugar recollido do vento do norte	A laranxeira plantárona á agarimada		
Alfúfara	Roupa moi fina e de baixa calidade	Vas con esa alfúfara, vas ter frío	Riotorto (Lugo)	Avoa materna
Aloumiño	Caricia			
Amolar	Fastidiar	Non me amoles	Ribadeo(Lugo) Lourenzá (Lugo)	Tía-avoa
Aneinar	Mimar ou coidar	Papá aneiname moito.	Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Angolesma	Ansiedade		Ribadeo (Lugo)	Pai de Samuel
Anque corra	Non querer unha cousa		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Ao cabrexel	En diagonal	Arar ao cabrexel		
Aplegón	Anémona		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova

Aqueloutrar	Arranxar, preparar, aparvar (úsase cando non se atopa o verbo preciso)		Rinlo - Ribadeo (Lugo)	
Aqueloutro, aqueloutrar	Valen para todo	Páseme o aqueloutro. Vou aqueloutrar a leña.	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Arado	Ferramenta para cultivar a terra		Leirío-Castropol (Asturias)	Pai
Arpilleira				
Atafal	Parte de coiro da zona traseira das albardas	Hai que apretar o atafal.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Ataleixar	Acougar ao gando	Baixaba o camiño ataleixando os bois	Valadouro e Mondoñedo (Lugo)	Avó
Avelaiña	Mariposa		Rúa (Cervo)	
Axina	Rápido		Beche -A Pontenova (Lugo)	Bisavoa
Baloco	Unha bola		A Pontenova (Lugo)	Avó
Baloco	Unha bóla de terra		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Barallocas	Persoa moi faladora, de tal maneira que non se lle entende o que quere decir.	Pepe é un barallocas, non lle entendo nada	Cedofeita-Ribadeo (Lugo)	Avós
Barallocas	Falar bobadas		Ribadeo (Lugo)	Alessio
Bardascoba	Vara		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño
Batuxar	Esparexer auga como se fosen pingueiras	Batuxou a roupa que estaba ao clareo		
Bocoi	Recipiente de madeira destinado a conter líquidos, especialmente viño, máis grande ca o barril e que a pipa, con capacidade media entre 300 e 700 litros. Persoa con moito sobrepeso	Tiñan o viño en bocois de carballo. Teu tío estase poñendo como un bocoi con tanta tarta.		Avó
Boqueira	Cuneta	Arrimou tanto que desfixo o coche na boqueira	Trabada (Lugo)	Persoas maiores
Bortelo	Especie de zaranda para cribar a fariña		Frieira-Ribadeo (Lugo)	Avoa

Bridas	Tabliñas delgadas para facer cestas	O que fai un cesto fai un cento dándolle bridas e tempo.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Brosa	Machete	A brosa corta ben a leña	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Burrueira	Queima dos terróns da roza	Arderon ben os terróns na burrueira do verán.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Burrueiras	Cando se labraba trigo nos montes queimábase para poder botalo. Esas queimas eran as burrueiras		Santalla de Villaosende-Ribadeo (Lugo)	Avoa de Alejandro
Caiado	Bastón de madeira para apoiarse unha persoa maior para andar		Rúa-Cervo (Lugo)	
Cainzo	Teito lareira		Aldea galega	Bisavoa
Cálitro	Eucalipto		Ribadeo	96 anos
Cancelo	Apero que se pon enriba da albarda	Leva dous sacos de millo nos cancelos.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Canelas	Parte da perna entre a rodilla e o pé	Deu un golpe nas canelas	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Canoucos	Tipo de algas		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Cantelo	Roscas que daban os noivos o día que casaban		Ornea-A Pontenova (Lugo)	Avós
Cañó	Pedra grande		Vilaselán-Ribadeo (Lugo)	Avoa
Carabullo	Pau mais ben pequeno	Usamos carabullos para acender o lume.	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Pai
Carabullos	Paus pequenos		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Carocas	Lerías	Que non che metan carocas na cabeza!		
Catora!	Expresión de asombro. Acostumaban a dicilo as señoras maiores cando lles contaban algo que as sorprendía.		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Cazolo	Cunca, vasixa		Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova

Cedo	Temprano	Mañá vinte cedo, hai moito traballo	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Celigras	Cóxegas			Bisavoa
Chambra	Camisa, blusa	A chambra nova está nese armario	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Chapos	Calcetíns de la feitos na casa.		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Chícaros	Bígaros. Caracois do mar	De aperitivo comemos uns chícaros	Rinlo - Ribadeo (Lugo)	Avós
Choido/choida	Gardado, dentro	Estás choida	A Pontenova (Lugo)	60 anos
Choupaina	Casa, hogar	Hoy con salgas, quédate na choupaina	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Cincha	Suxeción da albarda á cabalería	A albarda descolocouse por ter a cincha frouxa.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Cinquilimpé	Á pata coxa		Ribadeo (Lugo)	Avoa
Ciriqritos	Chichos, coletas das nenas		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Coeiro	O tronco da berza	Fun ao horto por coeiros para darlle aos cochos	Vilapena-Vilaformán (Trabada)	Persoas maiores do campo
Coeiro	Tronco da berza	O coeiro sécase para facer un bo lume.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Coio	Pedra		Rúa-Cervo (Lugo)	
Coio	Pedra dura e pequena, particularmente a que está arredondada e lisa pola erosión. Sinónimo: croio	Trae uns coios para tirar ao río.	Libro "Falan os de Ribadeo"-Ribadeo (Lugo)	Persoas maiores
Comicio	Picor	Ter comicio nunha perna	A Pontenova (Lugo)	Bisavós
Corgo	Pozo con auga		A Cazolga-Lourenzá (Lugo)	Todo o pobo
Corozo	Tronco do millo	Teño unha cesta chea de corozos.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Cortín	Sitio para protexer as colmeas	O oso non pode entrar no cortín.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Cosco	Caracol		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Cosco	Caracol		Ribadeo (Lugo)	

Coxigón	Parte da pata do pito		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Crabuñar	Estender a folla da gadaña	Hai que crabuñar a gadaña que corta mal.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Cuadriles	Zona lumbar	Dóenme os cuadriles	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Cuito	Esterco	Estende ben o cuito	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Culmeira	Horquilla	Collín un montón de palla coa culmeira	Augaxosa-Riotorto (Lugo)	Parentes
De decote	De sempre, algo cotiá, tradicional	A matanza é unha tradición de decote	A Veiga-Vegadeo (Asturias)	Avós
Defeuto	Defecto	Esa tarteira trae un defeuto	Vilela	Bisavós
Derregar	Dividir fincas		A Cazolga-Lourenzá (Lugo)	Todo o pobo
Desabogoso	Referido ás persoas, unha actitude inaxeitada	Fulanito é un desabogoso, sempre pensa en facer mal	Santalla de Vilaosende- Ribadeo (Lugo) Labrada - Abadín (Lugo)	
Enfariñada	Masa de pan que se prepara na tixola	Que rica está a enfariñada da avoa!	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Entulga	Ortiga. Planta que ao contacto produce inflamación	No xardín naceron entulgas	Rinlo - Ribadeo (Lugo)	Nai e avós
Entulgas	Ortigas		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Enturga	Ortiga	Non toques aquela enturga	A Devesa-Ribadeo (Lugo)	Amadora (Nareo)
Envés	Revés	Puxo o xersei do envés	A Madanela-Ribadeo (Lugo)	Persoa 75 anos
Enviar	Tragar			
Escabel	Banco de sentarse		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño
Escarpios	Calcetíns	Pon os escarprios que vai frio	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós

Escaveira	Salamandra			
Escougar	Dar voces, asustar		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Esguerzos	Padrastrós		Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Esgurimar	Remecer		A Pontenova (Lugo)	Avós
Esporta	Cesta con dúas asas feita de esparto que serve para transportar diversos obxectos.	Colle a esporta para levar ao mercado.		Nai
Esquileiro	Coador con mango para pescar angula	É moi hábil usando o esquileiro.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Estar incomodada	Enfadarse	Incomodácheste comigo?		
Estear	Parar de chover		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Estragallar	Desordenado		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño
Estroular	Revolver	Os paxaros estroulaban nas silvas	Vilaformán-Trabada (Lugo)	Persoas maiores
Estumbeirar	Facer muito ruído		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño
Fabo	Cada unha das partes da laranxa		Castrelo de Miño	Muller de 52 anos
Farangulla	Migalla, miga	Deuxou o mantel cheo de farangullas		Avós
Farrucos	Nome concreto de figuras do Entroido, máis indefinidas ca o Meco e a Meca			
Fedello	Traste	Eu son moi fedello.	Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Felespín	Ir moi rápido		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Isabel
Fonda	Peiteado, entrelazado, trenza			
Foucín	Fouce	Cortóuse cun focín	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Fungueiro	Pau para suxeitar a carga no remolque ou no carro.	Pon os fungueiros para cargar a herba no carro.	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Avoa

Furado	Agujero	Non caias nese furado	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Gadaña	Guadaña	Corta a herba con esa gadaña	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Galano	Pequeño agasallo	Tróuxome un galano da súa viaxe	Xudán-A Pontenova (Lugo)	Avoa
Gandinga	Cara dura	Vaya gandinga que tes!	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Garañón	Cabalo salvaxe sen castrar	O garañón defende a súa tribo.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Garatuxa	Caricia, carantoña	Deume unha garatuxa no papo	Vilela-Ribadeo (Lugo)	Bisavós
Garatuxa	Caricia, carantoña	Vou facerche unha garatuxa	Ferreira (Lugo)	Avoa
Gato meimón	Moucho		Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Gorxa	Garganta	Ten dor na gorxa	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Goxo	Hórreo		Vilaselán-Ribadeo (Lugo)	Avó
Gurriana	Vento frío			
Haber un home de sol	Que aínda o sol está o suficientemente alto para poder facer algún traballo			
Inciño	Tipo de azada con dous dentes que servía por exemplo para coller patacas no rego.		Rúa (Cervo)	
Lavadura do coche	Restos de comida que se xuntaban nun caldeiro e dábaselle de comer aos coches.		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Lepra	Cachiño, lasca	Dáme unha lepra de queixo.	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Limpiamocos	Dar un coscorrón		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavo
Lupanda	Montón	Caeu unha lupanda de auga	Vilela	Bisavós
Mariñas	Patacas			

Masoiro	Cunco de madeira para dar forma as pezas grandes de pan		Frieira-Ribadeo (Lugo)	Avoa
Miñaxoia	"Pobre" no sentido de dar pena	Miñaxoia, non estudou... Miñaxoia, non lle chega á canasta..	Rúa-Cervo (Lugo)	
Mixiricas, choromicas	Persoa que sempre se está queixando		Rúa-Cervo (Lugo)	
Molondro	Pouco espabilado		Rúa-Cervo (Lugo)	
Moquetón	Golpe no nariz			
Moucuada	Dar unha bofetada		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Muíños de quenda	Muíños que se usaban seguindo unha orde	Non usamos o muíño da quenda desde o mes pasado.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Nagua	Combinación, prenda de roupa			Avoa
Nocellas	Malas herbas que estragan as colleitas	As nocellas son prexudiciais para o campo.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Noiro	Valado	Subiuse co carro ao noiro e entornou todo	Vilaformán-Trabada (Lugo)	Persoas maiores
Nougo	Nudo	A corda ten un nougo imposible	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
O carato	O bastón			Bisavoa
O Golpe, Señor García	O raposo		Rúa (Cervo)	
Odre	Persoa bébeda		Burela (Lugo)	Borja
Olo de camourán	Diciano cando o ceo estaba moi, moi negro e se achegaba tormenta.		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Ontes	Onte		Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Ouca	Algas		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Paspán	Atontado		Ribadeo (Lugo)	
Paxelo	Prenda de roupa, sen especificar		Ribadeo (Lugo)	Muller de 72 anos
Paxelo	Montón	Vou tender un paxelo de roupa	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Pelouco	Persoa calva	O meu pai é pelouco		Avoa materna
Peneira	Utensilio para espaxear a fariña antes de facer o pan		Vilela-Ribadeo (Lugo)	Bisavoa

Percal	Cousa, asunto, problema	Xa tiña pensado o percal e ninguén o desmontou desa idea	Trabada (Lugo)	Avoa e veciñanza en xeral
Pertuxo	Fechadura. Portas de pertuxo ou de puxigo.		Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Pincha carneira	Pinchacarneiro		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Polavila	Ir de noite á casa dos veciños a xogar ás cartas, botar uns contos...	Os meus pais van a casa de Río a polavila	A Veiga-Vegadeo (Asturias)	Pai e nai de compañeira de traballo
Porfiar	Insistir		A Fonsagrada (Lugo)	Bisavoa
Poxigo	Parte de arriba das portas de dobre folla, estando a que se usa á súa vez dividida en dúas partes pola metade	Cando chamei á porta, abriuse o poxigo	Santalla de Vilaosende-Ribadeo (Lugo)	Jose
Procurar	Cultivar			
Pucho	Prenda para cubrir a cabeza. (Gorro)	Pon o pucho que vai moito frío.		Avós
Pullo	Burro		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño
Puxigo	Porta de dúas follas. Entrada da casa. Soen estar nas casas antigas. Unha porta cunha folla arriba e outra abaixo			Avós
Rabudo	Malhumorado	Josito é rabudo		
Raiola	Cando abre o sol entre as nubes	Entrou unha raiola de sol pola ventá	Rúa (Cervo)	
Ramalleo	Poda da punta das ramas		Rinlo - Ribadeo (Lugo)	Traballador forestal
Rapela	Trozo de masa que se estiraba e se lle poñía touciño e chourizo. Despois cocíase no forno de leña. Sería algo parecido a unha pizza de hoxe		Trabada (Lugo) Santalla de Villaosende-Ribadeo (Lugo)	Avoa de Alejandro
Rebar	Limpar restos de comida ou bebida ao carón da boca	Nena, reba aí que che vai pingar po xerseí.	Cedofeita-Ribadeo (Lugo)	Avós
Rescaceiro	Erizo		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño

Restreba	Aproveitamento que se fai da terra despois da colleita do trigo	Na colleita da restreba sementei piñeiros.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Sacabeira	Salamandra		Rúa-Cervo (Lugo)	
Sapoconcho	Tipo de tartaruga		Burela (Lugo)	Alejandro Matilla
Sella	Recipiente en forma de tronco cónico para conservar a auga	A auga da sella está moi fresca.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Sella	Para ir buscar auga á fonte		Vilela-Ribadeo (Lugo)	Bisavós
Sofauto	Ipsa facto, de repente	Morreu de sofauto	A Pontenova (Lugo)	Persoa 80 anos (xa falecida)
Solta	Corda que se usaba para atar dúas pata do mesmo lado aos animais para que non escapasen.	Ponlle a solta ao cabalo para que non escape.	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Avó
Suhorro	Debaixo do hórreo	Gardou o carro suhorro	Villargondurfe (A Pontenova)	Bisavoa
Tacatá	Úsano os bebés para empezar a andar	Andador		Avoa
Tanoca	Tonto	A miña irmá é tanoca		Tía
Tarasca	"Loquito"			
Tarrén	Suelo		O Franco (A Caridad) Asturias	Padriño
Tazada	Taza de leite con pan		Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Ter vagar	Ter tempo			
Tixela	Sartén	Trae a tixela	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Trasgolar	Quedar unha persoa durmida en pouco tempo			
Vasallo	Escoba feita cun pau e ramas de loureiro que se usaba para barrer o forno		Frieira-Ribadeo (Lugo)	Avoa
Vatuadios!	Outra expresión de asombro		Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Maiores e algunha pola xente nova
Xantar	Comer			Avoa
Xantar	Almorzar	Ven xantar con nosoutros	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós

Xantar	Comer, almorzar	Onte xantei arroz.	Rinlo (Ribadeo)	Maiores e algunha pola xente nova
Xeira	Referido o tempo atmosférico	Nun vaias, está moi mala xeira	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Xibeira	Gran esforzo	Esta mañá tumbaron esas árbores, os obreiros levaron unha boa xibeira	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Xistra	Choiva forte e con vento		Trabada	Pai
Xostrá	Vara	Vouche dar con esa xostra se non estás quieto	Penzol-Vegadeo (Asturias)	Tíos/ avós
Xostrá	Bara mais ben delgada e flexible para guiar o gando.	Leba a xostra para gardar as ovelas.	Rinlo-Ribadeo (Lugo)	Pai
Xostrada	Choiva forte	Caeu unha boa xostrada de noite	Rinlo - Ribadeo (Lugo)	Avoa
Xugo	Colar de madeira para xuntar dous bois.		Leirío-Castropol (Asturias)	Bisavós
Xugo da canga	Xugo que se mete polo pescozo	As vacas aran co xugo da canga.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Xugo da molida	Xugo que se ata aos cornos	As vacas están gradando co xugo da molida.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón
Zamelo	Castaña cocida sen pelar	Levo un rosario de zamelos no pescozo.	Trabada (Lugo)	José Ramón Loureiro Moirón